

1937: A GUERRA CIVIL FAISE INTERNACIONAL.

Pablo Barreiro Vilas

Profesor de historia no IES Xunqueira II.



Fig.1

Hai xa un ano que España se desangra nunha guerra cruel, e neste contexto o comezo do ano 37 foi recibido con grandes expectativas por ambos bandos, que o consideraron fundamental na marcha do conflito ("ano da victoria" chegaron a chamalo os republicanos).

E certamente moitos acontecementos relevantes tiveron lugar neses 365 días; quizais o máis importante deles a xeneralización da intervención estranxeira en moitos dos aspectos da guerra, incluído por suposto os combates.

Dende moi axiña este proceso de internacionalización resultou evidente por parte dos principais países fascistas que, aliñados con Franco, permiten o paso dos sublevados desde Marrocos a Península cunha das primeiras pontes aéreas da historia a base de avións italianos cedidos por Mussolini, que cruzan o estreito e desembarcan as tropas sublevadas no aeródromo de Sevilla. Tan importante foi esta actuación que para moitos autores sen ela probablemente non tería habido guerra.

Os republicanos pola súa parte recibiron menos axuda, máis tardía e (en xeral) de peor calidade, pois as democracias, temendo que esta terrible pugna puidese acabar derivando nunha inmensa pira que consumise toda Europa, xa no mes de Agosto do ano anterior patrocinaran a creación do denominado "Comité de Non Intervención", con sede en Londres, o que supostamente debía velar por que se gardase unha exquisita neutralidade. E que en realidade resultou unha grande farsa que unicamente serviu para facer máis evidente a soeidade e o bloqueo ó goberno republicano, que só acabaría por desafiar, un tempo despois, a Unión Soviética.

Nun intento de mudar esta situación, un dos principais esforzos propagandísticos do goberno lexítimo foi encamiñado a suliñar a evidente semellanza entre os réximes, gobernos e pobos francés e español (fig.1).

Nun primeiro momento os nosos veciños responderon afirmativamente a estas peticións de axuda, pero axiña, froito das presións, principalmente dos ingleses, renuncian a calquera colaboración por miúda que sexa e fechan as fronteiras. Así, aínda que a proximidade entre as dúas repúblicas era máis que evidente, non foi posíbel a colaboración.



Fig.2

Neste contexto resulta tamén destacabel a fig.2, onde a república presenta un mapa da España e as súas principais zonas mineiras e industriais, suposto obxectivo da codicia de escuadras estranxeiras. Obra profética, pois certamente os aliados de Franco acabaron por cobrar a súa axuda con concesións mineiras e materiais estratéxicos (wolframio, mercurio, etc) que recibiron ata ben entrada a segunda guerra mundial varios anos despois.

Ironicamente, unha das ocupacións prioritarias do "Comité de Non Intervención" era evitar a través dun bloqueo marítimo, levado a cabo en gran parte pola escuadra italiana (o raposo posto a coidar as galiñas!), a chegada de barcos "corsarios" con suministros.

Comprendida nesa internacionalización estivo tamén a chegada á península, ademais de armas e pertrechos, dun gran número de intelectuais (Hemingway, Capa, incluso estrelas do cine como Errol Flynn...) e correspondentes de guerra de primeira fila que con frecuencia apoian a república, acoden á fronte e acompañan os soldados coma uns combatentes máis, neste caso co desexo engadido de gañar a batalla da propaganda.

E pouco a pouco vanse desenvolvendo as posibilidades de todos estes novos medios de expresión polo que algunhas das mellores imaxes que definen a guerra débemosllas a eles. Será ademais o primeiro conflito fotografado en directo a gran escala.

Pero quizais onde se plasmou en maior grao ese contacto coa vangarda cultural europea e mundial, así como a importancia da pugna propagandística e a propia transcendencia internacional do conflito, fose na exposición universal celebrada en París neste ano 37, hoxe pouco recordada, e na que por primeira e única vez representaron a España dous pavillóns, un republicano e outro franquista, que rivalizaban no desexo de transmitir a súa ideoloxía e o seu relato do que en España acontecía.

Exemplo por excelencia desta actividade artística foi a figura de Picasso e a súa gran obra "o Guernica", que denuncia o ataque (por parte

de aparatos alemáns e franquistas) sobre a vila do mesmo nome, primeiro caso de bombardeo indiscriminado sobre poboación civil a gran escala, e que rematou por converterse nun símbolo da guerra civil e da barbarie da guerra en xeral.



Fig.3

Unha mostra desa vangarda podería ser a fig.3, que mostra como o deseño da cartelística republicana foi sempre moi avanzado, pendente dos últimos movementos artísticos e criador el mesmo de formas moi orixinais. Interesante exemplo desta modernidade resulta ademais o desenfadado uso que da loita de símbolos se fai na obra, no que unha svástica é golpeada por un martelo, claro está, vermello. Tamén a utilización de estrelas, tan típicas hoxe do cómic, para representar o dano do golpe.

É destacabel ademais que apenas un lustro despois de que Hitler adoptase esta cruz coma imaxe principal, aquí se usa xa como metáfora de todo o bando sublevado.

En xeral como vemos, a denuncia destas violacións da neutralidade foron moi frecuentes, así en pouco tempo na maioría das obras o concepto de " loita contra o invasor" irá substituíndo o de "guerra civil".

Un exemplo interesante é a fig.4: e pode resultar curioso que no aspecto de acentuar a componente propiamente hispana do conflito coincidiron os dous bandos. Principalmente cando ós republicanos comenza a resultarlles evidente que os seus esforzos por conseguir o apoio das democracias van fracasar. Consideran entón que, ó menos, sería moi beneficioso para a súa causa que os países do Comité freasen as grandes aportacións en homes e armas modernas que recibía Franco, daquela xa "Generalísimo". Este cartel explora esa vía, evocando escenas da loita contra o invasor francés na Guerra de Independencia, nas que se equipara un moderno soldado a un tipo "goyesco", cunha iconografía ata certo punto chocante e moi tradicional que, como dixemos, perfectamente podería ter usado o lado franquista.




Fig.4

Outro aspecto relevante, que xa ven do ano anterior (véxase o artigo no número pasado da revista) é o desexo da república de ilustrar ou elevar o nivel cultural no seu territorio, incluídas as primeiras liñas da fronte. Na imaxe nº 5 vézolo asociado a outro dos graves problemas que o goberno tivo que afrontar nestes primeiros anos da guerra: a debilidade da súa autoridade, pois o poder real atopábase fragmentado en moitos

grupos, partidos e milicias. De ahí a publicación dunha serie de carteis que facían fincapé na superación desas divisións, que entre outros inconvintes dificultaban a marcha das operacións fronte a forte centralización do poder no bando franquista.

Así neste caso concreto a clara mensaxe conleva un carácter pedagóxico, pois vaise "desmenuzando" o lema nunha sorte de "cartilla" de aprendizaxe das letras do alfabeto.




Fig.5

Pero sen dúbida o aspecto máis coñecido nesta internacionalización do conflito foi a gran campaña (patrocinada pola Internacional Obreira) que buscaba o recrutamento de voluntarios estranxeiros que puidesen acudir na axuda da tambaleante república. Comezou case nos primeiros momentos da guerra e foi quen de suscitar apoios de lugares e xentes tan afastados coma China. Resultou un movemento de solidariedade aínda hoxe de difícil superación, e plasmouse na creación das Brigadas Internacionais, únicas tropas que nestes primeiras datas puideron opoñerse con garantías ó profesional exército franquista. (houbo incluso batallas, como a de Guadalajara, onde chegaron a enfrontarse tropas do mesmo país: italianos fascistas e antifascistas).



Fig. 6

No bando sublevado as cousas vense, obviamente, de xeito moi diferente: tanto polo seu citado valor militar como polo seu carácter de símbolo, as Brigadas Internacionais foron duramente criticadas pola propaganda franquista, tanto durante a guerra coma unha vez rematada. En xeral tendeu a magnificar a súa presenza ao tempo que se ocultaba sistemáticamente a presenza dos aliados propios.

Na fig. 6 outra vez o enemigo é acusado de terrorismo e barbarie: aquí un malvado comunista sorrí mentres vai anegando en sangue a querida patria (destacabel resulta o uso do vermello como "reforzado ideolóxico"); á súa esquerda unha publicación "informa" da verdadeira natureza e número das brigadas, que na parte baixa do folleto "xustamente coincide" con 666, cifra desde sempre asociada ó demoníaco.

En xeral podemos dicir que a propaganda franquista foi sempre máis convencional e de peor calidade, recurrido constantemente ós mesmos mitos da "España eterna" (el Pilar de Zaragoza, a bandeira bicolor, o imperio...), consérvanse por iso bastantes menos exemplos.

Para rematar, e no aspecto puramente militar, este ano vai estar centrado na súa maior parte na campaña do Norte (iniciada por Franco tras a fallida operación anterior de toma de Madrid) co obxectivo

de minguar o territorio enemigo e capturar as súas ricas zonas industriais. O seu remate, victorioso para o "Generalísimo", vai supor un duro golpe para a república, que a partir d'agora terá que continuar a guerra privada de importantes recursos.

E unha vez máis, case ningún asunto vai ser alleo á utilización propagandística; neste caso vemos un austero folleto, editado practicamente en branco e negro, do Servicio Nacional de Turismo (antepasado da curiosa maridaxe que vai supor o "Ministerio de Información y Turismo") e que ofrece a uns potenciais turistas (!) a posibilidade de visitar os lugares máis destacados da batalla. Sería cómico se non fose trágico:



Fig. 7